

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA N° 095 /2016

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/2986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o vindeiro **día 18 de MARZO/2016 ás 20 HORAS**, en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

1) PARTE DISPOSITIVA

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior de data 19.02.16.

2º.- Aprobación definitiva de expediente nº 2/2014 de desafectación de tramo de camiño en Augalevada (Vilaboa), solicitado por don Gumersindo Caneiro Vilela.

3º.- Aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos. Núm. 02/2016.

4º.- Iniciación, se procede, do expediente para a determinación da localización dos fitos da liña límite co concello de Moeche.

5º.- Proposta de moción en todos os concellos de Galiza para o cumprimento real e efectivo da carta europea das linguas rexionais e minorizadas, presentada polo grupo municipal do BNG.

CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

6º.- Dar conta da aprobación da liquidación orzamentaria, exercizo 2015.

7º.- Dar conta de decretos da Alcaldía. Relación núm. 02/2016.

8º.- Rogos e preguntas.

Da presente convocatoria e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, así como á interventora xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos.

En Valdoviño a 15 de marzo de 2016

O ALCALDE,

Asdo: Alberto González Fernández